




DE CHANTEIRO ARES

Adela Leiro, Mon Daporta
marzo 2019



Distancia: 15 ou 18 km (lineal)

Dificultade: media


Percorrido a pé pola beira norte da ría de Ares, un tramo de cantís en xistos e lousas coas formacións típicas deste tipo de rochas que acadan en varios puntos máis de 50 m de altura.

PERCORRIDO

Comezamos ao pé da **ermida de Chanteiro**, baixamos á **praia**, cruzamos o rego que desemboca nela e enfiámonos por un carreiro que vai gañando altura ata levarnos á pista moi preto da **punta Coitelada**, seguimos á dereita para dobrar a punta e no remate do camiño temos un carreiro que vai subindo e baixando, por enriba da liña dos cantís, para achegarnos á **enseada do Areoso**, logo o carreiro métese ao interior ata entrar nunha pista en Sobre da Area.

Collemos á dereita entramos no asfalto para deixalo na primeira curva, desviándonos á dereita por unha pista de terra que nos leva á **punta Avarenta**. Desde a punta Avarenta subimos pola estrada da EDAR e nela collemos o segundo cruce á dereita. Pasadas as casas sae do camiño outro á dereita, que ten un sinal de vía cortada, que nos leva por un tramo arborado lonxe do mar, pero o máis preto del que se pode, ao longo de 1 km aproximadamente, ata un punto no que sae outro camiño á dereita que tamén ten o sinal de vía cortada polo que baixamos ata onde remata para achegarnos á **punta Insuela** na que se atopa o **castro de Santa Mariña** e a **cova dos Mouros**. O camiño segue á esquerda do castro para achegarse á **punta do Boi**, á que se accede por un carreiro. De volta no camiño imos na busca do seguinte punto de interese do percorrido, a **punta Augamexa**, da que collemos como referencia o sitio no que o camiño cruza un regueiro e despois de pasalo baixamos pola beira ata a o cantil desde onde se pode ver a **fervenza** que forma a caída ao mar do regueiro. Volvemos ao camiño e continuamos transitando sempre polos espazos e carreiros máis achegados ao mar, chegamos a unha pista que baixa e collemos por ela que remata nunha pontella de madeira debaixo da que pasa outro regatiño que tamén cai en fervenza pero que non é doado de ver aínda que unha parte se ve desde un alto que hai máis adiante, antes de que o camiño vire á esquerda para saír á estrada. Na estrada imos á dereita para deixala un cento de metros máis adiante para achegarnos á **praia da Barrosa** á que se baixa por unha longa escaleira de máis de un cento de chanzos con numerosos descansos. Desde aquí continuamos pola beira do cantil para percorrer un tramo de pequenos seos que acollen entre puntas e saíntes praias ás que se pode baixar por longas escaleiras. Na **punta de Centeás** o camiño sepárase da costa para saír á estrada que podemos coller cara á dereita para pasar pola **punta do Castelo** imposible de ver nin de achegarse alí porque o cobre todo o mato, ou á esquerda e logo o primeiro desvío á dereita, para pasada unha curva, chegar á escaleira que permite baixar ao **paseo do porto**, á **praia** e á **vila de Ares**, onde rematamos.

O percorrido é duns 15 km, 3 km máis (ida e volta) se desde Chanteiro nos achegamos á punta Segaña desde onde se ve a boca da ría de Ferrol e o porto Exterior, a longa canle da entrada e o tramo da costa de Ares que da a ela.



Puntas Segaña e A Coitelada entre as rías de Ferrol e Ares-Betanzos



Punta Segaña



Punta Segañó




A Moa



Praia de Chanteiro



Enseada de Chanteiro



Punta Coitelada



Punta Seira



Enseada de Areoso



Punta Avarenta



O Fiaueirido. Punta Promontorio



Punta Insuela





Punta Insuela




Castro de Santa Mariña



Punta do Boi





Augamexa






Praia da Barrosa



Pregues nas rochas da praia da Barrosa



Punta da Gurita



Punta da Gurita



Punta e ilote da Miranda.



Punta da Miranda.



Praia de Colado





Praia de Colado



Praia da Ribada



Praia e punta das Estacas



Punta Sardiñeiro

Praia e punta de Centeás




Punta da Cruz



Porto de Ares




18-Punta do Castelo



Ares, vila pesqueira e turística asentada no leste da enseada entre a desembocadura do rego Vieira ou Xunqueira e a punta do Castelo. Detrás o monte Faro co cume da Bailadora.

Enseada de Ares. Entre a punta do Castelo e a punta do Camouco, atópase a enseada de Ares circundada por tres praias que forman un conxunto de case tres quilómetros de lonxitude: Ares, Seselle e O Raso.



LIC "COSTA ÁRTABRA"

O espazo protexido abrangue, desde a punta Avarenta, en Ares, ata Mugardos, incluíndo o espazo marítimo próximo, e a costa desde o cabo Prioriño ata o cabo Ortegal, agás a área urbana de Cedeira, áreas interiores da Serra da Capelada e o curso alto do río Seixo de Landoi. Ten un gran interese xeolóxico, paisaxístico botánico e faunístico. Inclúe ecosistemas mariños, cantís, praias e sistemas dunares, illas e illotes, lagoas e marismas, montes e brañas.



Herba de namorar nun cantil



Gabitas